



## ACORDO GOBERNO MUNICIPAL (PSdeG-PSOE) E GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS 2020

Os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, despois dunha fructífera negociación para a conformación dos Orzamentos Municipais do ano 2020, acordan priorizar as seguintes actuacións:

### MOBILIDADE

- ✓ A Elaboración dun Plan integral de accesibilidade, (dotado con 75.000 euros para o período 2020-2021)
- ✓ A recuperación do carril bus ao longo do ano 2020
- ✓ O impulso á extensión e mellora do carril bici, consignado diferentes partidas económicas para executar no período 2020-2022. (diferentes partidas do EDUSI para carril bici, Carrís bici en perímetro polígono da Grela e tamén en Pardo de Cela e Puga e Parga, con actuacións dotadas de máis de 300.000 euros).
- ✓ A creación de novas áreas peonís, en Damas e Rosario.

### DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

- ✓ A elaboración dun Plan de dinamización do comercio (575.000 euros).
- ✓ A realización dun estudio técnico a través de EMVSA para a creación dunha bolsa de baixos comerciais en réxime de aluguer.
- ✓ Á Licitación dunha asistencia técnica para a elaboración dun plan de desenvolvemento e industrialización para A Coruña e área metropolitana (dotación 50.000 euros año 2020, y 2021 50.000 plurianuais).
- ✓ Inclusión de diferentes partidas nos orzamentos para a renovación dos mercados municipais (Durmudeiras, San Agustín, Monte Alto, etc), que suporá a inversión de máis de 5 millóns de euros en varias anualidades.
- ✓ Ao impulso e mellora dos programas de formación para o emprego. Asunción do financiamento dos gastos de transporte e canguraxe. (259.000 euros).
- ✓ Á creación da imaxe de marca “produto da Coruña” (asistencia técnica 15.000)
- ✓ Dotación de axudas específicas a empresas lideradas por mulleres. (bolsa de axudas en área de igualdade de 60.000 euros para fomento do emprego femenino).

- ✓ Á Dotación para o establecemento dun premio ás boas prácticas das PEMES en materia de conciliación (25.000 euros).

#### URBANISMO E VIVENDA

- ✓ A posta en marcha dun programa de bolsa de vivenda en réxime de aluguer (dotado con 450.000 euros a través de EMVSA).
- ✓ Ao impulso dun Plan de rehabilitación dos barrios.(diferentes partidas económicas en infraestructuras para actuacións en rehabilitación e zonas ARIs). 279.000 e 169.729 en obras.
- ✓ Ao Incremento da dotación para rehabilitación e instalación de ascensores. (partidas de 1.200.000 e 1.450.000 euros, que se sumarán aos fondos pendentes de executar do ano 2019 e suporá un importante montante económico a prol da rehabilitación).
- ✓ A estudar a creación de espazos públicos nos barrios destinados á mocidade.
- ✓ Ao estudo singularizado dunha posible utilización temporal de solares baleiros, previo acordo cos diferentes propietarios, estudiando os posibles incentivos si xurídicamente tivese encaixe.
- ✓ Ao cumprimento do acordo político para o mandato 2019-2023, dando impulso á creación do parque da Agra do Orzán, acorde coas necesidades do barrio. Para iso estase preparando unha serie de medidas urbanísticas que fagan viable unha zona verde ampla que permita falar dun PARQUE, con maiúsculas.
- ✓ A executar a decisión xa assumida pola Facenda municipal para asumir o coste do IBI das vivendas de titularidade municipal, dando cumprimento a unha petición proposta do BNG durante a negociación orzamentaria (ordeanzas fiscais). Medida dirixida ás persoas en situación de vulnerabilidade.

#### LÍNGUA

- ✓ O orzamento municipal do ano 2020 incrementará os recursos para o impulso da normalización lingüística (pasaríase de 125.000 a 175.000 euros).  
Increméntase en 50.000 euros.



## IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS

- ✓ Posta en marcha dun Plan de Inclusión Social (Partida específica de 20.000 euros para inclusión vinculada a itinerarios).
- ✓ Incremento da dotación da Renda Social Municipal e as Axudas de Emerxencia Social para viabilizar a reforma e mellora das mesmas. (subidas nas dúas partidas para o ano 2020. Concretamente en Renda Social 1.300.000 e 1.100.000 en Emerxencia Social).
- ✓ Incremento da dotación dos campamentos (asegurar a existencia de persoas coidadoras para atender a nenas e nenos con necesidades especiais). (Incremento de 15.000 euros más).
- ✓ Creación no ano 2020 dun Servizo Municipal de Mediación, co obxecto de reducir a litixiosidade en asuntos que afecten á actuacións municipais. (Partida específica con 15.000 para poñer de inmediato en marcha cun acordo co Colexio profesional).
- ✓ Plan de mellora da casa de acollida ás mulleres vítimas da violencia de xénero (20.000 euros)
- ✓ Novo contrato do Servizo de Axuda ao Fogar (SAD 5) cunha dotación de 600.000 EUROS.
- ✓ Novo Servizo de lavandería na casa para persoas maiores de 80 anos. (120.000 euros)
- ✓ Acondicionamento do Centro García Sabell e dos locais municipais para poñelos a disposición das entidades socio-sanitarias. (Partida específica no EDUSI para o centro García Sabell, máis de 500.000 euros).
- ✓ Mellora das infraestruturas e condicións dos colexios e das escolas infantís municipais. (partida de 800.000 euros).
- ✓ Potenciación do servizo de canguraxe, incrementando os seus recursos e mellorando as prestacións. (incremento da partida. Pasando a 275.000 euros)
- ✓ Ampliar as bolsas Junior Year aos países lusófonos
- ✓ Elaboración dun plan cuatrienal 2020-2023 para habilitar espazos públicos destinados á mocidade nos distintos barrios da cidade.

## EDUCACIÓN CULTURA E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- ✓ Mellora dos comedores escolares e a accesibilidade dos CEIP (partida específica en educación para actuacións en colexios, recordando tema competencial, debe ser Xunta de Galicia).
- ✓ Incrementamos a dotación de *Coruña Educa* para programas de educación sexual, educación na igualdade e prevención das adiccións.
- ✓ Incremento do financiamento das saídas escolares para evitar situacións de exclusión (custo 0 para as familias).
- ✓ Recuperación da Semana do libro e da Festa do libro. Partidas específicas de 75.000 euros para estas dúas accións culturais.
- ✓ Partida económica incrementada para mellorar a dotación para a adquisición de libros e xornais para as bibliotecas. (10.000 euros máis)
- ✓ Plan de fomento da lectura (20.000 euros).
- ✓ Mellora das instalacións do Arquivo Municipal (partida incorporada a tal efecto).
- ✓ Modernización dos Museos Científicos Coruñeses (incremento en máis de cinco partidas de fondos para atender as peticións do servizo de Museos científicos. Algo moi necesario e urgente).
- ✓ Incremento da dotación á Banda de Música Municipal (incremento de partida económica para unhas melloras solicitadas).
- ✓ Proxecto de reordenación do IMCE para reforzar a programación cultural (económicamente non se producen incrementos globais, pero si reordenación no proxecto comentado).
- ✓ Incremento da dotación para a recuperación da memoria democrática. (total de 110.000 euros en total).

## MEDIO AMBIENTE E SUSTENTABILIDADE

- ✓ Impulso ás iniciativas e campañas de sensibilización para favorecer a redución, reciclaxe e reutilización (incorpóranse partidas específicas no orzamento).
- ✓ Modernización da Planta de Nostián para incrementar a reciclaxe e producir compost de calidade. (Rematáronse os pliegos, estanse revisando en Contratación dende este martes 10/12/2019, e falta reunión con Consorcio.).

## DEPORTE

- ✓ Incremento e mellora das instalacións deportivas. (Partidas económicas de máis de 2.345.000 euros destinadas a tal fin).
- ✓ Obra do rocódromo en Riazor con 129.000 euros
- ✓ Pista de skate en San Pedro de Mezonzo.

## OUTRAS ACTUACIÓNIS

- ✓ Acondicionamento do Rexistro Municipal asegurando a accesibilidade. (proxecto complexo con máis de 210.000 euros).

## ACTUACIÓNIS EN BARRIOS

**Durmideiras.-** Rehabilitación do mercado (1,2 millóns). Para licitar no primeiro semestre do ano.

Accesibilidade praia de San Amaro. Financiación EDUSI

### Monte Alto e As Atochas.-

Rehabilitación da praza e mercado de Monte Alto (4.065.000 euros) Proxecto en revisión por parte de Edificación.

Continuación do Camiño do Vixía, no cruzamento de Vereda do Polvorín con rúa Santo Tomás (300.000 euros). Estudarase de cara a 2020, neste momento non hai proxecto.

Rehabilitación da Bágoa de San Roque (450.000 euros). Encargaráse proxecto (asistencia técnica) cos presupostos de 2020, en base ao anteproxecto existente que se está a estudar.

#### Cidade Vella.-

Plan de revitalización e obras de urbanización en Cortaduría, Damas, Rosario e segunda fase de Maestranza e entorno da Fundación Luís Seoane (3,3 millóns de euros). Rosario en fase de licitación, Cortaduría e Luis Seoane pendentes de autorización de patrimonio e Damas pendente de revisión do presupuesto. Financiación EDUSI.

Equipamento das Naves de Metrosidero (Plurianual con partida no orzamento 2020) e proxecto da segunda fase (60.000 euros).

#### Pescaría e Orzán.-

- .-Reurbanización de Panadeiras e a contorna de San Agustín e conexión entre os dous ámbitos. Estamos estudiando a conexión no marco das determinacións do PEPRI e en relación coa actuación da contorna do mercado e de actuacións que promova mobilidade.
- .-Proposta de adquisición do edificio do Arzobispado de Oviedo na rúa Panadeiras. Plurianual.
- .-Asistencia Técnica para a redacción do proxecto de rehabilitación do edificio coa conexión peonil Panadeiras-San Agustín.
- .-Redacción do proxecto de reurbanización do entorno do mercado de San Agustín, 80.000. Estase a revisar o proxecto cos redactores.
- .-Redacción do proxecto de ejecución para a renovación da rúa Panadeiras, 100.000 euros). neste momento non hai nin proxecto nin estudos previos.
- .-Redacción do proxecto de ejecución para a reurbanización dos Cantóns e apertura do porto á cidade. Encargado xa un estudio previo a redacción do proxecto.



#### **Ensanche, Praza de Pontevedra, Parque de Santa Margarida e As Pontes.-**

- .-Demolición do Viaduto da Rolda de Nelle (1,2 millóns). Adxudícase na xunta de mañá, execútase no primeiro semestre de 2020.
- .-Reurbanización da rúa Pintor Joaquín Vaamonde (320.000 euros). Encargaráse redacción do proxecto cos presupostos de 2020, xa hai esquemas que se están a estudar.

#### **Cidade Escolar, Tolerancia, Labañou e Vivendas María Pita.-**


- .-Área deportiva multideporte e parque biosaudable a carón do parque infantil (Plurianual).
- .-Proxecto de Infraestructuras para a Rehabilitación do Hórreo de San Roque. Dende a área de infraestruturas estáse en contacto coa xunta de compensación para a montaxe do hórreo.
- .-Asistencia técnica para a redacción do proxecto carril bici dende Paseo de Ronda ate Gregorio Hernández (conexión co de rolda de Nelle). Estudarase como continuación dos previstos en Rolda de Nelle e Manuel Murguía/Náutica, non hai proxecto.
- .-Reurbanización do espazo público do grupo de vivendas de María Pita, por contrato de mantemento. Proxecto entregado pendente de presentación aos veciños.

#### **Rosalis.-**

Bosque das Cinco Illas. Financiación EDUSI  
Reurbanización do Camiño do Cura. Previsto por contratos permanentes. Xa aprobado en XGL.  
Tramitándose a modificación do planeamento para a sua execución.

#### **Agra do Orzán.-**

Demolición do Viaduto da Rolda de Nelle. (1.200.000 euros).  
Remodelación da Praza das Conchiñas. En licitación.  
Reurbanización da rúa Pascual Veiga. Asistencia Técnica. Encargaráse proxecto cos presupostos de 2020, xa hai esquemas que se están a estudar.  
Asistencia técnica para redacción do proxecto de rehabilitación do Muíño da Gramela.  
Posibilidade de ampliación das hortas urbanas.



#### **Ventorrillo e A Silva.-**

Glorieta en Alcalde Jaime Hervada, intersección co acceso á Silva. Contrato Mantemento.

Remodelación do Centro Cívico da Silva, dotación plurianual. Xa previsto en Centros Cívicos (partida global de 450.000 euros).

**Sagrada Familia.-** Continuidade do proxecto de ampliación da biblioteca nos locais anexos (proxecto EIRALAB).

Renovación da rúa Río Ulla por contrato de mantemento.

Demandas de accesibilidade.

Reforma da praza da Igrexa de San Rosendo. Contrato Mantemento, está renovada da lexislatura 2011-2015.

#### **Os Mallos.-**

Asistencia técnica para a Redacción do proxecto para a escola infantil e centro de día entre Vioño e Sagrada Familia.


Obras da Avenida do Ferrocarril para acceso á estación intermodal. (400.000 euros).

Reurbanización da Rúa Puga e Parga con carril bici.

Reurbanización da rúa Pardo de Cela con carril bici (99.714 euros). Todo con financiación prevista.

#### **Catro Camiños e San Pedro de Mezonzo.-**

Pista de skate baixo o viaduto de San Pedro de Mezonzo (60.000 euros). Continúase co proxecto ampliando o ámbito. Encargaráse proxecto cos presupostos de 2020



#### **Castrillón.-**

Execución obra complexo deportivo-Castrillón-Piscina. (EMVSA)

Asistencia técnica para redacción de proxecto e urbanización do espazo libre obtido no interior da mazá de José M<sup>a</sup> Hernansáez. Xa en estudio dende infraestruturas para encargar proxecto a comezos de 2020.

Resolver a accesibilidade universal entre o centro de saúde e Carricanta. A través dos contratos de mantemento. En estudio global as melloras de accesibilidade en todo o barrio de Castrillón.

Redacción de proxecto e reurbanización da rúa Rafael Bárez. Encargaráse proxecto cos presupostos de 2020, xa hai esquemas que se están a estudar.

#### **Eirís.-**

Campo de futbol. (1'6 millóns de euros, de anos anteriores, que se poderán executar neste ano).

Proxecto de rexeneración do núcleo de Eirís de Abaixo.

Saneamento no Foxo. Existe proposta e valoración económica.

Apertura da rúa Terranova de Eirís na súa conexión coa Avenida.

#### **Parque Ofimático.-**

Proxecto de Urbanización do resto do barrio.

Solucións alternativas a través dunha MESA TÉCNICA para afectados San Vicente de Elviña.

Asistencia técnica para a redacción de proxecto para escola infantil.

Execución viario Santa Teresa de Jornet (287.000 euros). Proxecto redactado por parte de Infraestruturas da conexión entre Teresa de Jornet e o Ofimático

Rehabilitación da fonte dos caños, a través dos contratos de mantemento.

#### **Matogrande.-**

Acondicionamento como zona de esparcemento da parcela que acollía a planta de GLC, que o PXOM cualifica como Espazo Libre. Contratos permanentes de mantemento.

#### **Barrio das Flores.-**

Redacción do Plan Director. Licitarse a principios de 2020.

Nova fase de melloras na urbanización na praza central. Contrato de vías públicas.



#### **Monelos/Elviña.-**

Mellora do aparcamento da Praza Isaac Díaz Pardo (241.963,39 €). POS Deputación  
Rehabilitación do edificio García Sabell (financiación DUSI).

#### **San Pedro de Visma.-**

Falta cuantificación económica dunha posible Área deportiva multideporte (no aparcamento más elevado do Parque Adolfo Suárez).

Mellora beirarrúas (e resolución de barreiras arquitectónicas) na rúa San Pedro de Visma. A través dos contratos de mantemento. Rotonda no cruce da rúa San Pedro de Visma e a estrada provincial DP-3003.

Xa se melloraron e crearon novas beirruas en parte de rúa, estáse a estudar o resto da documentación que nos aportaron os vecinos.

#### **Novo Mesoiro.-**

Redacción do estudio para a creación dunha BIBLIOTECA PÚBLICA, que de servizo ao barrio. (Destínanse a este fin 20.000 euros).

Estudo para dotar dunha estrutura pública cuberta na zona verde e reorganización das áreas de xogo para posibilitar o uso de todas as idades.

#### **Oza/Gaiteira/Os Castros.-**

Pérgola cuberta en San Diego, Parque de Oza ou Parque Europa (redacción de proxecto). Medio Ambiente.

Beirarrúas de Casablanca a centro de Saúde Monte das Moas (redacción de proxecto). Contrato Mantemento.

Beirarrúas na rúa Montes e San Diego (melloras). Contrato Mantemento.

Rúas Carballo e Gonzalez Chas. (redacción de proxecto). Contrato Mantemento.

#### **Palavea.-**

Dotación económica para o centro deportivo da fábrica de Armas. Deportes.

Senda fluvial Río de Quintas, hortas urbanas e paneis informativos nas paradas de autobús. Medio Ambiente. Financiación EDUSI



#### **A Zapateira.-**

Saneamento Separativo na rúa Burdeos (177.000 euros), en licitación para executar en 2020

Saneamento Separativo rúa Venecia (256.000 euros), en licitación en 2020.

Saneamento Separativo rúa Helsinki (139.000 euros), co proxecto redactado e para llitar.

#### **Bens.-**

Reposición do firme e melloras de seguridade (badenes) na estrada e área de xogo infantil. Contratos Mantemento.

#### **O Campanario.-**

Mellora do firme na Praza Central e badenes de seguridade (rúa barracóns). Contratos Mantemento.

#### **Feáns.-**

Reurbanización do Camiño de Campos.

Ampliación e mellora do centro cívico. Benestar Social.

Bosque de Breogán. Si. Financiamento EDUSI. Medio Ambiente.

#### **Nostián.-**

Nova fase de reurbanización e instalación de saneamento separativo. Xa existe proxecto pendente de aprobación.

#### **Mesoiro Vello.-**

Zona de lecer/Campo da Festa. No regato.



### **San Vicente de Elviña.-**

Parque infantil ao carón do Relámpago (OOPP), avanzadas as xestións coa universidade para a cesión da parcela. Xa se cedeu, proxecto de área en marcha.

Reurbanización Lavadoiro / Praza do Relámpago, co proxecto xa preparado. Xa entregado coas revisións feitas tanto por parte da área de rehabilitación coma por parte de Patrimonio e os veciños. Ten que facerse no 2020 pola súa financiación.

**Monte Mero.-** Alcantarillado no Foxo. Existe proposta e valoración económica.

A Coruña, 19 de decembro de 2019

Asdo. José Manuel Lage Tuñas

Voceiro Municipal

PSdeG-PSOE

Asdo. Francisco X. Jorquera Caselas

Voceiro Municipal

Bloque Nacionalista Galego (BNG)